



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "RESTAURACIÓN DO PALCO DA MUSICA DO CANTON DE DIÓMEDES". APERTURA SOBRE Nº 2. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás dez horas e cincuenta minutos do día 28 de agosto de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

José Ángel Fernández Rodríguez, secretario accidental do concello.

Marta Núñez De Miguel, arquitecta municipal, como suplente do arquitecto técnico municipal José Ferreiroa González, por estar de permiso vacacional.

Secretaria:

Mª Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

Non asiste a Concelleira delegada de urbanismo, Dna. Yolanda Rodríguez Rodríguez.

1.-ANTECEDENTES RELATIVOS A LICITADORES ADMITIDOS NA LICITACIÓN:

1.- A Mesa de Contratación celebrada o pasado día 20/07/2017, aos efectos de apertura do sobre nº 1 - Documentación Administrativa - , acordou excluír á empresa Alcana Viviendas, S.L., con enderezo en Pazos de Reis (Tui), dado que se presentou pola referida empresa os sobres números 1 e 2 o día 07/07/2017, nº RE 6484, estando fora do prazo establecido de presentación de propostas.

Así mesmo, das empresas que presentaron en prazo, a Mesa acordou requirir subsanación ás empresas "Rocas Graníticas del Condado, S.L.", "Construcciones Abal, S.A", "Gestiones e Inversiones Alper, S.L." e "Construcción, Edificación e Viales, S.L.(ACEVI)".

Realizada Mesa de Contratación nesta data, en acto anterior, aos efectos de comprobación da documentación presentada polas empresas requiridas ", a Mesa ACORDOU:

"Primeiro.- Excluír á empresa Actividades de Construcción, Edificación y Viales (ACEVI) , con enderezo en rúa Alameda nº 16 - Entreplanta 2, 36001 Pontevedra, correo electrónico: acevi@acevi.net, , dado que non presentou documentación requirida.

Segundo.- Excluír á empresa Rocas Graníticas del Condado, S.L., con enderezo en Polígono Industrial Can da Ponte, Parcela 2-4, 36450 Salvaterra de Miño, correo electrónico: rocas@rocasgraniticas.com, dado que a declaración responsable presentada aos efectos de subsanación non cumpre co requirimento efectuado no relativo a que **non se identifica a persoa** que vai ser o especialista no relativo aos traballos de fundición e forxa artística, se cita a empresa, e non se cita o operario especializado.

Terceiro.- Á vista do indicado anteriormente, **declarar admitidos á licitación aos seguintes licitadores:**

- Construcciones Mascareñas e Hijos, S.A, con enderezo en rúa Florentino López Cuevillas, nº6, local nº 2, 32003 Ourense. Correo electrónico: construcciones@mascarenasehijos.es.

- Construcciones Abal, S.A., con enderezo en Mosteiro, s/n, 36637 Meis - Pontevedra. Correo electrónico: abal@construccionesabal.com.

- Gestiones e Inversiones Alper, S.L, con enderezo en rúa Tomás Alonso, 160. ofic. 4, 2ª, 36208 Vigo. Correo electrónico: gestinvalper@hotmail.com."

2º.- ANTECEDENTES CONTRATO AOS EFECTOS DE APERTURA SOBRE Nº 2.-

Orzamento de licitación do contrato :

Orzamento base: 50.575,00€

IVE 21%: 10.620,75€.

Orzamento total: 61.195,75€

3.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado, se indican os seguintes criterios de adxudicación do contrato, cláusula 17:

Proposición económica. Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 40 puntos.

Melloras.-

a. **Incremento do prazo de garantía.** Se contempla un prazo de garantía de un (1) ano. Se valorará con oito (8) puntos por cada ano que se aumente dito prazo, cun máximo de trinta e dous (32) puntos por esete aspecto, é dicir, catro (4) anos a maiores, facendo un total de cinco (5) anos de prazo de garantía.

b. **Redución de prazo de execución de obra.-** Se contempla un prazo de execución de CATRO MESES. Proponse a valoración da redución de prazo de ata un máximo de CATRO SEMANAS de redución (valorando ata un máximo de 28 puntos pola redución máxima, e as restantes valoracións a razón de sete (7) puntos por cada semana de redución ; non serán obxecto de valoración as reducións por prazo inferior á semana. O contratista estará na obriga de presentar coa oferta un programa de traballo diario que xustifique o prazo oferta e reflita con total claridade as obras a executar diariamente.

3º.- APERTURA.-

Pola Mesa se procede á apertura do sobre nº 2, criterios cuantificables de forma automática, correspondente ás propostas económicas e melloras presentadas polos licitadores admitidos, e que se citan a continuación:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA TOTAL IVE INCLUÍDO	REDUCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA
Construcciones Mascareñas e Hijos, , S.A.	51.400,00€	Comprométese a reducir a execución en 4 semanas.	Aumento de 4 anos a maiores, facendo un total de 5 anos.
Construcciones Abal, S.A.	53.299,38€	Comprométese á execución da obra no prazo de 3 meses, o que supón unha redución do prazo de licitación de 4 semanas.	Incrementa o prazo en 4 anos, facendo un total de 5 anos.
Gestiones e Inversiones Alper, S.L.	39.165,28€	Redución de un mes sobre o total de execución, quedando un prazo de execución das obras en tres meses.	Incremento do prazo en catro anos a maiores, resultando un prazo total de cinco anos de garantía.
PROMEDIO	47.954,89 €		
LÍMITE BAIXA TEMERARIA	43.159,40 €		

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 18º, establece (...) "*Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:*

- Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.*
- Cando a adxudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adxudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.*

1.- Á vista do anterior e co obxecto de determinar se a oferta presentada pola empresa que incorre en baixa temeraria pode ser desproporcionada ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto no art. 152.3 do TRLCSP, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**



Primeiro.- Solicitar á empresa GESTIONES E INVERSIONES ALPER,S.L, con enderezo en rúa Tomás Alonso, 160 ofic. 4 2ª - 36.208 Vigo, correo electrónico: gestinvalper@hotmail.com, ao abeiro do que cita o art. 152.3 TRLCSP, "xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Segundo.- Outorgar un prazo de audiencia de cinco días hábiles ao licitador, aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.

De seguido, ás once horas se da por remtado este acto, do que eu secretaria, certifico.

